



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santa María de Adina. Extensión: 0,94km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

As puntas de Seame, Cabicastro e de Paxariñas encerran no seu interior dous seos areosos ocupados polas praias de Canelas ao leste con cordón dunar traseiro e Paxariñas ao oeste. A costa é por iso mixta aínda que destacan fundamentalmente as fronteas cantís con escarpe basal rochoso de potencia variable e de morfoloxía aplanada no seu parte superior. A maior prolongación continental prodúcese na parte central da unidade onde sobresa o Monte de Cabicastro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominada polos materiais sedimentarios do Complexo de Cabo Home – A Lanzada, dentro da monotonía de micaxistos, cuarxistosos e paragneises da zona, destaca unha veta de cuarcitas e areíscas, disposta de noroeste a sueste nas proximidades da praia das Paxariñas. Polo que respecta aos depósitos cuaternarios, na praia de Canelas atópase unha banda de areas de praia e, seguidamente, un pequeno cordón dunar.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Fronte cantil de réxime ombrotérmico Cálido e Húmido. As medias anuais de temperatura son superiores a 15°C e as precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual sitúase ao redor de 13°C

OS SOLOS

Areosos álbicos e háplicos nos extremos occidental e oriental da unidade, en relación coas praias de Paxariñas e Canelas respectivamente. Nos tramos cantís e onde o substrato rochoso está próximo á superficie desenvólvense os chans máis pobres do tipo umbrisol e leptosol lítico. Cara ao interior onde as pendentes son suaves fanse máis frecuentes os chans tipo cambisol eútrico.


AS AUGAS

Esta pequena unidade costeira presenta a súa rede hidrográfica dividida en dúas pequenas concas polo monte Cabicastro. Ao norte, na praia de Paxariñas desemboca un arroyo temporal, mentres que ao sur, na praia de Canelas faio un arroyo de maior entidade. Ambas as enseadas atópanse baixo a influencia das Augas Costeiras de Portonovo (20153).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída no IBA Contorna mariña das Rías Baixas. É unha unidade mixta, con tramos cantís e as praias de Paxariñas e Canelas. Nesta segunda aparece un sector dunar bastante degradado, grupo 21 de dunas marítimas atlánticas. Pero nas puntas de Puntas de Paxariñas, Cabicastro e Seame aparecen cantís mariños atlánticos (1230) e, sobre as paredes rochosas destas dúas últimas, matogueiras transformadas, pero que potencialmente desenvolverían o hábitat 4040, breixeiras secas atlánticas de Erica vagans e 4430, breixeiras secas europeas. Algunha cova nas paredes da fronte rochosa inclúe o hábitat 8330, covas mariñas mergulladas e semisomerxidas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A ocupación do chan por vivendas unifamiliares destinadas a primeira e segunda residencia e a gran superficie que ocupan novas urbanizacións, hotéis e cámpings constitúen o uso predominante. As praias de Paxariñas e Canelas alternan na fachada costeira cos cantís rochosos, na Punta de Cabicastro predomina o arborado procedente de repoboación, mentres que nos promontorios de Paxariñas e Canelas aséntanse edificacións hostaleiras e residenciais ademais dun cámping. Destaca o banco marisqueiro de longueiróns no areal da praia de Canelas e a fábrica conserveira no promontorio cantil de Punta Seame, ambos elementos incorporan o vínculo co sector pesqueiro que aínda se mantén na unidade a pesar da crecente puxanza do sector turístico. A presenza de chan agrícola é anecdótica.

MORFOLOXÍA

Non hai presenza de núcleos rurais, os asentamentos son recentes e preséntanse tanto de forma dispersa en vivendas unifamiliares, como agrupadas en novas urbanizacións. A aparición destas novas urbanizacións, hotéis e chalés introduce unha nova funcionalidade no modelo territorial, orientada ao goce durante a época estival, a proximidade das praias e a calidade que outorgan as vistas sobre os cantís. A diversidade das edificacións alterna diferentes tipoloxías construtivas que van dende as vivendas unifamiliares acaroadas ou exentas a edificios colectivos e hotéis compactos e de maior volume. Obsérvase a influencia do próximo núcleo de Portonovo no desenvolvemento urbano que experimentou a unidade, coa apertura de amplos viarios e edificios de vivendas colectivas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O eixo viario principal é a estrada PO-308 de Pontevedra ao Grove, cuxo trazado atravesa de forma rectilínea a unidade. A rede viaria secundaria de tipo local, comunica os novos asentamentos coa estrada principal. Os viarios procedentes dos procesos de urbanización máis recentes desenvólvense na trama periurbana do núcleo de Portonovo e en novas urbanizacións. Esta nova infraestrutura de mobilidade non se integra coa rede de camiños e pistas rurais existente. A Punta de Cabicastro presenta numerosos camiños que dan acceso ás vivendas que se asentan sobre a fronte cantil.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Merece mención a presenza dunha antiga fábrica conserveira abandonada, na marxe do cantil de Punta Seame, como parte do patrimonio industrial relacionado co sector pesqueiro. O único patrimonio arqueolóxico constitúe o depósito do castro de Punta Cabicastro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A franxa acantilada litoral e as praias ás que dan acubillo introducen un factor de contraste paisaxístico moi marcado, ambos os elementos constitúen os sinais de identidade fundamentais desta unidade. A carga visual que incorporan as edificacións alterou profundamente a visión desta paisaxe, xerando tensións de gran magnitude nos cantís sobre os que se asentan. O excesivo desenvolvemento urbanístico propiciado polo auxe do turismo nesta marxe da ría marca a tendencia evolutiva na unidade, onde calquera trazo natural ou de ruralidade desvanécese coa introdución do novo modelo ocupacional, sendo o areal de Canelas e os cantís os enclaves que maior alteración presentan.

DINÁMICA DA PAISAXE

O proceso de colonización que experimentou a unidade irá desprazando o uso agrícola e a matogueira existente no cantil, tamén se observa unha gran degradación do areal da praia de Canelas. Este proceso de urbanización do litoral con edificacións de gran volume, compactas, mostrando gran diversidade tipolóxica nas vivendas unifamiliares, piscinas e outros elementos construtivos que en conxunto introducen novos modelos de ocupación non se integran de forma coherente coa paisaxe, que mostra os maiores desequilibrios coa presenza de asentamentos sobre os cantís, edificacións nas proximidades das praias de Paxariñas e Canelas e abrigo a afección do cordón dunar que se presenta nesta última. A concentración destes novos asentamentos na fachada costeira constitúe un gran impacto, interrompendo a visión dunha singular paraxe costeira, así como as zonas de aparcadoiro e vivendas sobre o areal da praia de Canelas.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os promontorios cantís proporcionan resguardo ás praias, creando unha singular paisaxe cargada de forza pola visión dos cantís rochosos penetrando no mar. A súa característica configuración fisiográfica permite planos de proximidade grazas aos teitos planos que presentan, pero impide visuais abertas da paisaxe cara ao interior, polo que se escolleron os puntos de observación nos cantís, que ademais de ofrecer a intervisibilidade entre as dúas marxes da ría de Pontevedra permiten a visión próxima dalgúns dos elementos fundamentais da unidade, como as praias de Paxariñas e Canelas e os propios cantís. A masa forestal existente atenúa a percepción dunha paisaxe antropizada. O maior interese ecolóxico vén dado pola inclusión da unidade no IBA Contorna mariña das Rías Baixas, nas puntas de Puntas de Paxariñas, Cabcastro e Seame aparecen cantís mariños atlánticos. Ademais dalgunha cova nas paredes da fronte rochosa incluíndo o hábitat de covas mariñas mergulladas e semisomexidas. A existencia de restos arqueolóxicos na Punta de Cabcastro incorpora un valor engadido á unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



